

ARTHUR SCHNITZLER

A señorita Else

Traducido por Rosa Marta Gómez Pato



Hugin e Munin

—De verdade non queres seguir xogando, Else?

—Non, Paul, non podo máis. *Adieu*. Adeus, señora.

—Else, pode chamarme «señora Cissy» ou, mellor aínda, só «Cissy».

—Adeus, señora Cissy.

—Pero, Else, por que marcha xa? Aínda faltan dúas horas para o *dinner*.

—Xogue o seu individual con Paul, señora Cissy. Realmente, hoxe non é moi divertido xogar comigo.

—Déixea, señora, ten un mal día. Por certo, Else, o mal humor séntache moi ben á cara. E co xersei vermello loces aínda máis.

—Espero que o azul che resulte máis agradable, Paul. *Adieu*.

Esa foi unha boa contestación. Esperemos que non crean que estou celosa. Xuraría que o meu curmán Paul e Cissy Mohr teñen algo. Pero nada no mundo podería importarme menos. Agora xirareime unha vez máis e saudareinos. Saúdo e sorrío. Parecerei así máis amable? Ai, Deus, xa volven xogar. En realidade, eu xogo mellor ca Cissy Mohr; e Paul non é precisamente un *matador*¹. Pero ten boa presenza..., co colo da camisa aberto e a

¹En castelán no orixinal. Trátase dun hispanismo presente, ademais de no alemán, tamén no inglés ou no dinamarqués. Valla esta nota para sinalar que, para a presente edición en galego, optamos por manter gran

cara de zamurgo. Se polo menos non fose tan amaneirado. Non teñas medo, tía Emma...

Que maravillosa tardiña! Hoxe vai o tempo ideal para facer a andaina até o albergue Rosetta. Que fermoso se eleva o Cimone² cara ao ceo! Habería que saír ás cinco da mañá. Ao principio estaría mareada, coma de costume. Pero iso pasa axiña. Nada hai tan fermoso como camiñar ao amencer... Na Rosetta, o americano breco parecía un boxeador. Quizais alguén lle sacou un ollo boxeando. De boa gana casaría en América, pero non cun americano. Ou podería casar cun americano e vivir en Europa. Nun casal na Riviera. Con escaleira de mármore até o mar. E eu deitada, espida, riba do mármore. Canto tempo hai que estivemos en Menton³? Haberá sete ou oito anos. Daquela eu tiña trece ou catorce. Ah, que tempos aqueles! Foi unha parvada adiar a camiñada. De todos os xeitos, agora xa estaríamos de volta. Ás catro, cando fun xogar ao tenis, aínda non chegara a carta urxente de mamá que me anunciaron telegraficamente. Quen sabe se agora... Aínda me había dar tempo de xogar outro set. Por que me saúdan eses dous mozos? Non os coñezo de nada. Están no hotel dende onte; no comedor sentan á esquerda, xunto á ventá, onde antes sentaban os holandeses. Saudeinos de maneira descortés? Ou arrogante? Eu non son arrogante. Que foi o que dixo Fred camiño do «Coriolano» até a

parte dos parlamentos en lingua francesa así como algúns estranxeirismos en inglés e italiano.

²O monte Cimone, localizado na cordal dos Apeninos, é, con 2.165 metros, o punto máis elevado tanto da rexión italiana da Emilia-Romagna coma do conxunto dos Apeninos setentrionais.

³Menton é unha localidade da Costa Azul francesa, situada no departamento dos Alpes Marítimos, moi preto da fronteira con Italia. Foi, e segue a ser, unha vila moi apreciada pola burguesía europea, así como por un bo número de artistas e escritores. Contribúen a que así sexa o feito de ter un microclima privilexiado e tamén a beleza dos seus parques e xardíns, aos que máis adiante aludiré a señorita Else.

